

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A FUNDACIÓN EMALCSA PARA O DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN SOCIAL E PRESTACIÓNS SOCIAIS “A FLOTE” NO ANO 2017.**

Na Coruña, a 29 de marzo de 2017

**REUNIDOS**

D<sup>a</sup>. Silvia Cameán Calvete, maior de idade, con domicilio a estes efectos en María Pita, 1, 15001 A Coruña, e con NIF nº 47.374.639 K.

D. Manuel Aguilar López, maior de idade, con domicilio a estes efectos en María Pita, 1, 15001 A Coruña, e con NIF nº 15922727B.

**INTERVEÑEN**

D<sup>a</sup>. Silvia Cameán Calvete faino en nome e representación do Concello da Coruña (en diante, o CONCELLO”) domiciliado en María Pita, 1, 15001 A Coruña. Exerce esta representación na súa calidade de 3<sup>a</sup> tenente de alcalde responsable da área con delegación xenérica en servizos sociais, educación e sanidade.

D. Manuel Aguilar López, faino en nome e representación da FUNDACIÓN EMALCSA (en diante a FUNDACIÓN) domiciliada en María Pita, 1, 15001 A Coruña, con CIF nº G 70.323.688, constituída en escritura pública outorgada na Coruña, o 17 de febreiro de 2012, ante o notario José Guillermo Rodicio Rodicio, co número de protocolo 284. Exerce esta representación na súa calidade de Director Xerente, habilitado para o presente acto por acordo do Padroado de data 16 de decembro de 2016.

A FUNDACIÓN EMALCSA, e o CONCELLO denominaranse, así mesmo, colectivamente as “Partes” ou as “Entidades” e, individualmente, cando cumpra, unha “Parte” ou “Entidade”.


As Partes recoñécense mutuamente capacidade legal para subscribir o presente convenio de colaboración (en diante, o “Convenio”) e, para ese efecto,

## EXPOÑEN


- I. Que a FUNDACIÓN ten entre os seus obxectivos “*Deseñar, promover e realizar, de forma directa ou concertada, programas de integración social, prestacións sociais, promoción económica e fomento do emprego e todas aquelas actividades de colaboración e apoio ás funcións que o Concello da Coruña leve a cabo, ou teña previsto desenvolver no futuro, no marco da súa Política Social, de Asistencia social e Axuda Humanitaria, de Promoción e Desenvolvemento Económico e Empresarial, e de Emprego*” (art. 6 a de os Estatutos).

Considéranse ademais fins específicos da FUNDACIÓN a “*promoción da igualdade de oportunidades e da integración social e laboral da poboación en xeral e especialmente das persoas e colectivos que poidan sufrir discriminación ou dificultade para a súa plena integración social*”(art.7.a.1 dos Estatutos).

- II. Que o CONCELLO, no exercicio das súas competencias en materia de servizos sociais, e no ámbito da área de Xustiza Social e Coidados, vén desenvolvendo unha intensa actividade para a integración social das persoas e colectivos en situación ou en risco de exclusión social a través da xestión das axudas, prestacións e outros instrumentos de intervención social previstos na normativa autonómica de aplicación e nos regulamentos e ordenanzas municipais.



Non entanto, a situación de crise actual provoca un aumento da demanda de apoio social nos servizos sociais municipais e unha maior complexidade nas situacións ás que dar resposta. A pesar das melloras nos procesos de xestión da Administración Municipal, esta realidade ten como consecuencia que sexa necesario reforzar os recursos municipais, coa finalidade de proporcionar unha resposta rápida e inmediata ás necesidades das persoas que se achegan aos servizos sociais á procura dun recurso que lles axude a paliar a situación de urxencia na que se atopan.

- 
- III. Que sendo conscientes desta situación, as Partes asinaron con data 18 de maio de 2016 un convenio de colaboración para o desenvolvemento e avaliación do programa de integración social e prestacións sociais “A FLOTE” para implementar un novo programa de intervención social, co obxectivo de prestar atención inmediata a persoas en situación ou risco de

exclusión que, por diferentes razóns, precisan con carácter urxente, puntual e transitorio, recursos de apoio cando estes constitúan un medio indispensable para atender a situación de necesidade puntual na que se atopan, e non exista a posibilidade de utilizar outro instrumento de intervención pública normalizado.

- IV. Que o citado programa, denominado A FLOTE, se implementa cun dobre carácter:
- De prestación ou axuda social para situacións de emerxencia social cando non existan outras posibilidades de intervención desde o sistema público de servizos sociais, evitando situacións de desprotección.
  - De programa piloto, para coñecer e avaliar as posibles lagoas do sistema e poder así desenvolver novas modalidades de intervención ou melloras existentes.
- V. Que, en todo caso, o programa A FLOTE concíbese como un instrumento máis de intervención social coa finalidade de coadxuvar á plena inserción social dos seus beneficiarios. En consecuencia, as propostas de concesión da prestación deberán contemplar especificamente as medidas a adoptar para este fin, incluíndo as primeiras accións do itinerario.
- VI. Que á vista da experiencia e resultados da xestión do Convenio citado no expositivo III precedente, vese conveniente dar continuidade ao programa “A Flote” mediante a sinatura dun novo convenio que dea continuidade o programa.

Conforme ao exposto, os comparecentes, na condición coa que respectivamente comparecen, outorgan neste acto o presente Convenio con arranxo ás seguintes.

## ESTIPULACIONES

### PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten como obxecto establecer o marco de colaboración entre as Partes para o desenvolvemento do proxecto A FLOTE a que se refiren os expositivos III a VI precedentes.

## SEGUNDA.- COMPROMISOS DO CONCELLO

O CONCELLO realizará a selección dos beneficiarios das prestacións e a proposta de pago da prestación.

Cada proposta deberá vir acompañada do correspondente informe co seguinte contido mínimo:

- a) Xustificación da situación de urxente necesidade.
- b) Xustificación da imposibilidade de atendela mediante outros recursos normalizados.
- c) Contía da axuda que se propón e o seu destino específico.
- d) Forma de pago: mediante transferencia á conta de titularidade do beneficiario, ou se trátase de pago subrogado aos acredores ou administracións acompañará a correspondente documentación acreditativa. Excepcionalmente poderá facerse o pago a través de cheque nominativo.
- e) Medidas complementarias de inserción social propostas.

O CONCELLO achegará así mesmo a autorización do interesado para a cesión dos seus datos de carácter persoal e social á FUNDACIÓN, aos exclusivos efectos da xestión das prestacións a que se refire o presente convenio.

## TERCEIRA.- COMPROMISOS DA FUNDACIÓN

A FUNDACIÓN asume os seguintes compromisos:

- a) Destinará nos seus orzamentos de 2017, como mínimo, a cantidade de 20.000€ ao pago das prestacións previstas no presente Convenio. Esta cantidade poderá ampliarse ata 120.000€, condicionando dita ampliación á consecución de recursos para o seu financiamento.
- b) Abonará o importe das prestacións aos seus destinatarios no prazo de 15 días desde a recepción da proposta completa do CONCELLO nos termos da cláusula anterior.
- c) Colaborará co CONCELLO no seguimento do itinerario de inserción dos beneficiarios e realizará a avaliación final do programa, incluíndo as propostas a que se refire o expositivo IV.b.
- d) Conservará polo menos durante dous anos desde a extinción do presente convenio os documentos acreditativos do emprego dos fondos destinados a este programa

#### **CUARTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Constituirase, no seu caso, unha Comisión de Seguimento paritaria mixta integrada polas persoas que cada Parte designe, coas seguintes funcións:

- a) Aprobar os modelos normalizados para realizar as propostas as que se refire a estipulación segunda precedente.
- b) Esclarecer as dúbidas e controversias que poidan xurdir na execución do presente Convenio.
- c) Concretar, cando fora necesario, as condicións de realización dos compromisos de cada Parte, así como as accións de difusión que se vaian a realizar no marco deste Convenio.
- d) Realizar un seguimento específico do logro parcial dos fins sociais e propoñer as medidas necesarias para o seu logro, incluíndo a modificación do presente Convenio si fose necesario.

#### **QUINTA .- EXTINCIÓN**

O presente convenio extinguirase polo cumprimento dos obxectivos do programa con satisfacción para as Partes ou por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- b) O mutuo acordo das Partes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos polas Partes. Neste caso, e sen prexuízo de calquera outros dereitos que puidesen asistirle, cada Entidade poderá requirir á Parte incumpridora o cumprimento das obrigas ou compromisos nun determinado prazo, entendéndose resolto o convenio por incumprimento transcorrido o prazo sen que fose atendido o requirimento. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados.

#### **SEXTA.- VIXENCIA**

A vixencia e efectividade do Convenio estenderase dende o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017, sendo prorrogable automaticamente, se non media denuncia expresa dalgunha das partes, por períodos anuais ata un máximo de CINCO (5) anualidades, condicionando a aportación económica á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios correspondentes.

Finalizado o prazo de vixencia para cada ano de vixencia do convenio, a FUNDACIÓN disporá de tres meses para a presentación da memoria de avaliación final do programa a que se refire a cláusula terceira precedente.

### **SÉPTIMA .-CONFIDENCIALIDADE**

Cada Parte obrígase a manter a máis estrita e absoluta confidencialidade respecto da información e/ou documentación referente á outra Parte e especialmente a receptores das prestacións, ás que, no seu caso, cada Parte teña acceso como consecuencia do presente Convenio. Dita obrigaçión de confidencialidade asumida por cada Parte subsistirá indefinidamente, mesmo despois de finalizar a vixencia do presente Convenio.

Cada Parte non utilizará ou aplicará a información e/ou documentación á que se refire o apartado anterior da presente estipulación para finalidades distintas ás do obxecto do presente Convenio.

### **OITAVA.- INTERPRETACIÓN DO CONVENIO**

No caso de que xurdan discrepancias sobre a execución e interpretación do presente Convenio, antes de someter as mesmas á vía xudicial, tratarán de resolvelas amigablemente no marco da Comisión de Seguimento.

### **NOVENA .-CONSIDERACIÓNS XERAIS**

a) Independencia das Partes:

As Partes expresamente conveñen que o presente Convenio non implica nin supón ningunha asociación ou dependencia entre elas, polo que serán absolutamente independentes e autónomas.

b) O feito de que unha das Partes deixe nunha ou máis ocasións, de exercer calquera dereito ou acción que lle asista, non poderá interpretarse como renuncia ao dereito de dita Parte a proceder a devandito exercicio en calquera momento posterior.

c) Acordo completo:

O presente Convenio constitúe o único acordo existente entre as Partes con esta mesma finalidade, e substitúe a calesqueira Convenios previos, sexan verbais ou escritos.

d) Modificación do presente Convenio:

Calquera modificación ou variación dos termos do presente Convenio requirirá o consentimento expreso e por escrito das Entidades.

e) Réxime xurídico:

En atención á natureza das prestacións das partes contempladas no presente Convenio, este ampárase e fundamenta o disposto no artigo 4.1.d) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, quedando en consecuencia excluído do ámbito da citada lexislación.

---

Os comparecentes, na representación coa que respectivamente comparecen, dan a súa conformidade ao presente convenio, asinando en proba da mesma no lugar e data expresados no encabezamento.

Polo Concello da Coruña,

  
Silvia Cameán Calvete

Pola Fundación Emalcsa,


Manuel Aguilar López

